

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 15 de setembro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, acordou deixar pendente de aprobación a acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 7 de setembro de 2015.

### **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de

formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguente risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 25.429.-** A A. M. H., para en Camiño Remuíño, nº 1-Piñeiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, rehabilitar unha vivenda tradicional, de conformidade co proxecto do arquitecto, José Luis Domínguez González, visado o 23 de xullo de 2015, a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

**EXPEDIENTE Nº 25.596.-** A M. I. C., para na Avenida de Pontevedra, nº 16-San Roque-Darbo, en solo urbano de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, construír unha piscina, de conformidade co proxecto da arquitecta, Olalla Soage Alonso, visado o 27 de xullo de 2015, condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de 2015 e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

#### 2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.480.- A "Cultivos Marinos Vilanova, S.L.", para ampliación de cuberta de nave industrial e construción de muro perimentral en Vilanova (Punta Alada), de conformidade co proxecto, elaborado polo enxeñeiro superior de minas David Rodríguez Besada do día 28/04/2015.

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por "CULTIVOS MARINOS VILANOVA, S.L.", no senso de tramitar en solo rústico de costas e espazos naturais autorización autonómica para a construción nave industrial e construción de muro perimetral de nave sita en Vilanova-O Hío, de conformidade co proxecto de legalización elaborado polo enxeñeiro superior de minas, David Rodríguez Besada do día 28/04/2015. O uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 38 e 39 e a DT 1 1) da LOUGA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e aos instrumentos de ordenación do territorio, e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente o trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe de costas, o do POL e da Dirección Xeral de sostibilidade e paisaxe.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE 25.637.-** A "GAS GALICIA, S.A.", para en Castrillón, nº 19-Coiro, realizar ampliación de rede, de conformidade co proxecto do enxeñeiro, Angel Casás Bachiller do día 26/06/2015.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.537.- A. S. M., reparación de cerramento e construción de porche en Rosada, nº 50 B-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.605.- D. F. M. G., escavación para cambio de material de cubrición, substitución de carpintería e acabados interiores na Avenida Castroviejo, nº 46-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.611.- M. P. G., colocación e reposición de solado de plaqueta en beirarrúas en Estrada a Aldán, nº 63-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.633.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BLANCO, colocación de canalón e baixantes en fachada traseira en Reboredo, nº 6-8-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.634.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CELSO EMILIO FERREIRO Nº 10, reparación de fachadas en Celso Emilio Ferreiro, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.642.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVENIDA DE VIGO Nº 63, limpeza e hidrofugado de cuberta en edificio existente en Avenida de Vigo, nº 63-Cangas.

## **FACENDA**

### **4º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

#### **4.A) DACIÓN DE CONTA DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 1067/2014**

Dáse conta de dilixencia de ordenación ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo, referente ao procedemento ordinario nº 1067/2014, promovido por P. P. P.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo, referente ao procedemento ordinario nº 1067/2014, promovido por P. P. P.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

#### **4.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DE ALCALDÍA S/AUTO DO DÍA 31/07/2014 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA RECAÍDO NA EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 7/2015 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 102/2014**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 9.9.15 referente ao Auto do día 31.7.14, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaído na execución definitiva nº 7/2015 derivada do procedemento abreviado nº102/2014, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DO DÍA 31/07/2014 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA,*

*RECAÍDO NA EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 7/2015 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 102/2014. (X-14/14)*

*Visto o contido do Auto nº 101/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra do día 31/07/2015, recaído no procedemento de execución definitiva nº 7/2015, derivado do procedemento abreviado nº 102/2014, instruído contra o Concello de Cangas a instancia de L. C. V., R. G. B., D. V. P., E. L. S., E. R. B., F. S. G. e J. C. R. F., que á vista do acordo transaccional alcanzado polas partes para a execución da sentenza do día 28.11.2014, resolutoria do procedemento antes citado, dispuxo o seguinte:*

*'SE HOMOLOGA o acordo transaccional alcanzado, xa en sé de execución, polas partes que intervintes no proceso seguido como PROCESO ABREVIADO nº 102/2014, nos termos en que se ten posto en coñecemento deste xulgado a través de escrito conxunto de 31.07.2015 de conformidade co cal:*

*1º.- por parte do Concello de Cangas se adquiriran durante o ano que andamos un armario armero para a garda e custodia das armas regulamentarias para a súa entrega a L. C. V., R. G. B. e D. V. P., as cales a continuación se describen:*

- 3 armas glock con miras tritium, 3ª gen.*
- 3 fundas antifurto safariland.*
- 3 fundas portacargador.*
- 450 cartuchos fiochi cal 9 MMPB FMJ (para prácticas).*
- 150 cartuchos fiochi cal 9 MMPB EMB P (para servizo).*

*2º.- No primeiro trimestre do ano 2016 o CONCELLO DE CANGAS adquirirá catro armas regulamentarias para a súa entrega a E. R. B., F. S. G., J. C. R. F. e E. L. S., as cales se describen a continuación:*

- 4 armas glock con miras tritium, 3ª Gen.*
- 4 fundas antifurto safariland.*
- 4 fundas portacargador.*
- 600 cartuchos fiochi cal 9 MMPB FMMJ (para prácticas).*
- 200 cartuchos fiochi cal 9 MMPB EMB P (para servizo).*

*2.- SE DECLARA terminado O PRESENTE PROCEDIMENTO por ter acadado as partes dito acordo transaccional.*

*Todo iso sen pronunciamento en materia de custos.'*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto nº 101/2015 do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra do día 31/07/2015, recaído no procedemento de execución definitiva nº 7/2015, derivado do procedemento*

*abreviado nº 102/2014, instruído contra o Concello de Cangas a instancia de L. C. V., R. G. B., D. V. P., E. L. S., E. R. B., F. S. G. e J. C. R. F.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, para os efectos da súa incorporación ao expediente nº X-14/14, e á Policía Local, co fin de que procedan á tramitación e seguimento das obrigas contraídas no acordo transaccional obxecto de homologación polo mentado auto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Auto do día 31.7.14, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaído na execución definitiva nº 7/2015 derivada do procedemento abreviado nº102/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico e Policía Local.

## **ENSINO E DEPORTE**

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO URXENTE, DOS SERVIZOS DOCENTE E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS\_\_\_\_\_**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 10.9.15, referente a aprobación de expediente de contratación, mediante procedemento aberto urxente, dos servizos docente e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas, que é como segue:

#### *"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*Visto que mediante providencia de Alcaldía de data 25 de agosto de 2015 iniciouse o procedemento de adxudicación do contrato dos servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta do Concello de Cangas por procedemento aberto e tramitación urxente, ascendendo o importe do contrato para un período de 10 meses á cantidade de 200.000 euros, I.V.E. incluído (orçamento base de licitación 165.289,26 € e IVE do 21% 34.710,74 €).*

*Visto que foron redactados e achegados ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación do contrato.*

*Non obstante o disposto no informe conxunto de Secretaría e Intervención Visto*

de data 4 de setembro de 2015.

*Visto que consta a oportuna consignación de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2015/340.22790.01 do vixente orzamento municipal para o ano 2015, segundo o documento de retención de crédito estendido pola intervención municipal.*

*Despois de examinar a documentación achegada e de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,*

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** *Avogar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.*

**SEGUNDO.** *Aprobar o expediente de contratación dos Servizos Docentes e Técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas, mediante procedemento aberto urxente.*

**TERCEIRO.** *Autorizar, en contía de 200.000 euros (21% de IVE incluído), o gasto máximo que para este concello representa a contratación do servizo por procedemento aberto, con cargo á partida con cargo á aplicación orzamentaria 2015/340.22790.01.*

**CUARTO.-** *Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato dos Servizos Docentes e Técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas e ordenar a súa publicación no Boletín Provincial de Pontevedra e no perfil do contratante*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de expediente de contratación, mediante procedemento aberto urxente, dos servizos docente e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas.

### **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:



## **A) DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 6 DE MARZO DE 2015 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL**

Dáse conta de solicitude de subvención para a realización da obra "ACONDICIONAMENTO DO PASEO DA PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS", ao abeiro da Resolución da AXENCIA TURISMO DE GALICIA, do 6 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o ano 2015.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece, entre os fins que perse- gue, aos cales a administración autonómica acomodará as súas actuacións, a promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo, de calidade e accesible, e a promoción de Galicia como destino turístico de calidade, con garantía do seu tratamento unitario na difusión interior e exterior dos recursos do país.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da solicitude de subvención para a realización da obra "ACONDICIONAMENTO DO PASEO DA PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS", ao abeiro da Resolución da AXENCIA TURISMO DE GALICIA, do 6 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural.

SEGUNDO.- Por parte do departamento de Intervención deberase comprobar a existencia de crédito orzamentario para acometer a obra.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente